



## SerÃ; AfganistÃ;n o â[] Iraç de Obamaâ[] ?

### Description



**Os atentados de Bombai e a inestabilidade de Karzai en AfganistÃ;n descifran unha lectura polÃtica claramente dirixida a Obama. Esta lectura estÃ; destinada a colocar a Asia Central como epicentro da sÃ³a polÃtica exterior, desmontando asÃ; a preponderancia alcanzada por Oriente PrÃ³ximo durante a administraciÃ³n Bush. [Foto: Soldados de patrulla polas rÃ³as de Bombai, o 27 de novembro de 2008, tras os atentados do dÃa 26].**

A polvoreira centroasiÃ;tica, con especial atenciÃ³n a AfganistÃ;n, incrementa un potencial de riscos para a seguridade internacional que, a grandes resgos, pode definir un eido preponderante na axenda de polÃtica exterior do prÃ³ximo presidente estadounidense, Barack Obama.

Os recentes acontecementos descifran a violenta potencialidade deste escenario. O avance talibÃ;n en AfganistÃ;n practicamente mantÃ©n cercado ao goberno pro-occidental de Hamid Karzai na capital, Cabul. Paralelamente, a destruciÃ³n na veciÃ±a PaquistÃ;n de material mÃ³bil pertencente Ã; OTAN coloca a este paÃs no centro da atenciÃ³n

para Washington, sen esquecer que a recente demostración terrorista na cidade india de Bombai, con presunta conexión paquistanesa, activa un perigoso potencial bélico entre dous países con material nuclear.

Durante a súa campaña electoral, Obama amosou as súas intencións de fortalecer a axuda militar e a cooperación cara o goberno de Karzai, tanto como comprometerse no combate contra a rede terrorista Al Qaeda no seu presunto santuario da fronteira afgano-paquistanesa. Ambas expresións de Obama supoñen unha evidente concesión cara os intereses da política exterior estadounidense, proclives na era Bush e que conservarían determinadas cotas de poder na próxima administración da Casa Branca.

Os atentados de Bombai e a inestabilidade de Karzai en Afganistán descifran unha lectura política claramente dirixida a Obama. Esta lectura está destinada a colocar a Asia Central como epicentro da súa política exterior, desmontando así a preponderancia alcanzada por Oriente Próximo durante a administración Bush.

Así, un breve repaso xeopolítico centroasiático da conta de diversos eidos estratégicos para Washington: presunto santuario do terrorismo yihadista global; inestabilidade e posible variante anti-occidental en dous países clave como son Afganistán e Paquistán; preponderancia de India como actor nuclear e potencia emerxente; proximidade de China e Rusia; e conexións enerxéticas a través do Mar Caspio.

Cada escenario e cada actor involucrado merece unha minuciosa atención para Washington. O imparable avance talibán en Afganistán determinará a cada dun peón estratéxico como o inestable e titero goberno de Karzai, con directas implicacións no delicado taboleiro político paquistanés.

Cumpra observar as actuais diferenzas de actuación na loita antiterrorista manifestadas entre Washington e Islamabad dentro do novo goberno paquistanés de Zardari, crítico coa preponderancia da alianza militar pro-occidental do seu antecesor Pervez Musharraf. Vela que a inestabilidade afgana inflúe directamente no panorama político paquistanés e, indirectamente, indio. Está por ver cal será a relación entre Zardari e o poderoso estamento militar paquistanés, no ollo do furacán para Nova Delhi tralos recentes atentados de Bombai.

De certificarse o avance talibán e dos seus aliados yihadistas en Paquistán, o ascenso dun islamismo radical anti-occidental incrementará a súa potencialidade de expansión cara outros países centroasiáticos, como son Uzbekistán, Kirguizistán e Tadjikistán.

Do mesmo xeito, reforzar a alianza con India significará para Washington un contrapeso xeopolítico importante especialmente dirixido a amortecer calquera aproximación de Rusia, China e incluso Irán. Vela a urxencia da xira realizada pola secretaria de Estado Condoleezza Rice a Nova Delhi tralos atentados de Bombai, visita que foi posteriormente secundada pola chegada do presidente ruso Dmitri Medvedev.

A recente xira de Medvedev por América Latina e os seus contactos políticos, enerxéticos e militares con Venezuela, Cuba e Brasil probablemente poderán persuadir a Obama a reforzar un ángulo euroasiático pro-occidental dende Ucraína e Xeorxia ata Afganistán, Paquistán e India. Estas variables definirán a Asia Central como a posible prioridade da axenda de política exterior para o próximo goberno estadounidense.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

United States ARCHIVE

## IDIOMA

Galego

## Date Created

December 11, 2008

## Meta Fields

**Autoria :** 3713

**Datapublicacion :** 2008-12-11 00:00:00